



O NADAL



XXIII

**certame
de
xornalismo**

**certame
de
poesía**



XXIII CERTAME DE XORNALISMO SOBRE O NADAL

Patrocina:



**Consellería de Cultura,
Comunicación Social e Turismo**

DEBUXO LOGOTIPO:

XOSÉ RODRÍGUEZ VARELA

DESEÑO MAQUETACIÓN:

XESÚS FRAGA

COORDENACIÓN:

XULIO XIZ RAMIL

IMPRESO EN «LA VOZ DE LA VERDAD»

DEP. LEGAL LU 370 – 1999

XXIII CERTAME NACIONAL DE POESÍA SOBRE O NADAL

Patrocina:



O B R A S O C I A L

A publicación dos traballos premiados é posible pola colaboración da Dirección Xeral de Política Lingüística, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, da Xunta de Galicia.

ARREDOR DO NADAL

Abrimos a tempada número XXVIII do Belén Electrónico de Begonte e as súas actividades do Nadal, e publicamos os traballos colleitados na XXVII, cando remata o ano 1999, e está a punto de comezar outro que se anuncia difícil, abrindo tempos novos que -por tales- son unha incógnita, un desafío, un tempo apaixonante que vivir.


En Begonte seguimos empeñados en facer do Nadal o noso mellor tempo. E o Belén -co Museo, que conserva a súa historia iconográfica- proclama este tempo especial pero tamén o noso sentir en relación coas cousas que transcenden, que son verdadeiramente importantes.

Porque camiñando pola vida ímonos dando conta de cales son as cousas que realmente importan. Desbotando todo o que se evidencia superfluo, resulta que é a Vida con maiúsculas a que pervive: a amizade, o amor, a familia; o respecto dos demais e polos demais.

Esa Vida xorde do noso ser, sentir e facer. É a Vida que contaxiamos ós demais; a Vida que se comparte e se transmite; esa VIDA con maiúsculas, que o Señor nos deu -nos agasallou- que debemos recibir cos brazos abertos e responder a ela... Vida que queremos se reflecta nas nosas accións; vida que do xeito máis inocente queremos se reflecta no noso Belén.

No Belén de Begonte, non facemos máis que iso: reflectila vida. E a xente acode a milleiros porque aprecian esa Vida, o seu sentido, a súa mensaxe.

Desde Begonte, como cada ano, como cada Nadal, chamámosvos á Vida. Desde a representación da vida, desde a VIDA, chamámosvos a vivir connosco un anaco deste Nadal.



Xesús Domínguez Guizán
Presidente do Centro Cultural de Begonte



POESÍA

XXIII CERTAME DE POESÍA SOBRE O NADAL

O Centro Cultural «José Domínguez Guizán» de Begonte -entidade que promove o Belén Electrónico- co patrocinio de CAIXA GALICIA, co gallo do Nadal 1998, ven de convoca-lo «XXIII CERTAME NACIONAL DE POESÍA SOBRE O NADAL», que se vai rexir polas seguintes BASES:

- 1.–Poden participar tódolos poetas que o desexen, con textos en galego ou castelán.
- 2.–O tema dos traballos ha se-lo de O NADAL, desde calquera punto de vista.
- 3.–Hanse valora-los textos que fagan referencia a Begonte e o seu Belén.
- 4.–É libre a construcción dos poemas e a medida dos versos.
- 5.–Hanse concede-los seguintes premios:

PREMIO BEGONTE DE POESÍA, dotado con 100.000 ptas. e estatuña de Sargadelos.

SEGUNDO PREMIO, dotado con 50.000 ptas. e estatuña de Sargadelos.

6.–A remisión de orixinais farase por triplicado ó Centro Cultural de Begonte (Lugo), tanto persoalmente como por correo certificado, antes das doce horas do día seis de xaneiro de mil novecentos noventa e nove.

7.–Tódolos traballos han ser presentados con plica, facendo constar nella os datos persoais do autor.

BEGONTE (Lugo), nadal de 1998

BASES

FALLO DO XURADO DO XXIII CERTAME DE POESÍA “BEGONTE E O NADAL”



O Xurado calificador dos traballos presentados ó XXIII CERTAME DE POESÍA “BEGONTE E O NADAL”, formado por:

D. XAVIER RODRÍGUEZ BARRIO

D. FRANCISCO MARTÍN IGLESIAS (Paco Martín)

D. RAMÓN SOILÁN PENAS (En representación da entidade patrocinadora)

D. XULIO XIZ RAMIL (En representación da entidade convocante, que actúa como secretario) acorda emitir o seguinte fallo:

– PREMIO BEGONTE DE POESÍA, dotado con 100.000 ptas. e estatuíña de Sargadelos. Concédese ó poema BUSCANDO LUZ NA LEMBRANZA, de BALDOMERO IGLESIAS DOBARRIO (MERO).

– SEGUNDO PREMIO, dotado con 50.000 ptas. e estatuíña de Sargadelos, concédese a MEMORIA NAVIDEÑA DE JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN, de MANUEL TERRIN BENAVIDES.

O SECRETARIO DO XURADO

Xulio Xiz Ramil

FALLO
DO
XURADO



BALDOMERO IGLESIAS DOBARRIO (Mero)

Baldomero Iglesias Dobarrio (MERO), naceu en Vilalba en 1951. É mestre. Fundador de FUXAN OS VENTOS e A QUENLLA, ten adicada a súa vida á música e a poesía, tendo gravadas arredor de medio cento de cancións das que é autor da letra, e de moitas delas da música. Ten recollido milleiros de cancións populares por todo Galicia.

Ademais do libro colectivo “GALICIA CANTA Ó NENO”, ten publicado SOCIAIS (de terceiro, cuarto e quinto de E.X.B), EXPERIENCIAS (primeiro e segundo de E.X.B.), GALEGO-LINGUAXE (de primeiro a quinto), CONTOS DE VELLOS PARA NENOS, SOMOS LENDA VIVA (Lendas para nenos), e CANCÓNS, COPLAS E ROMANCES DE CEGO.

BUSCANDO LUZ NA LEMBRANZA

Cando na noite do ano veñen fríos e xeadas
o Nadal dos curtos días onda o lume se resguarda,
cando o Sol é tan pequeno que nos valados se agacha
coma unha luz preguiceira que non levanta os nubrados,
nun taboleiro xa vello e nun recuncho apartado
todos xuntos, en familia, polo frío arremuiñados,
no fogar de longas horas, moitas cousas cavilamos:
para uns son anos curtos; para outros,
longos anos.

*Por fóra frío e folerpas,
por dentro calor humana no arrecendo adormecido da xustiza inalcanzada,
no arrecendo adormecido dun soño reparador,
na ansia dunha lembranza...
Por dentro anhelo de luz, por fóra neve callada.*

Por iso a ninguén lle esquece que agora un belén poñamos:
¡facendo un Nacemento con figuriñas de barro!
...E na cima do pesebre, o mellor tenor cantando
-para que todos o sintan ¡ben arriba no máis alto!-
cantigas doces de amor, de ilusión, ...coa voz dun anxo
que chama polo albor e esperta os primeiros raios,
pícaro e seductor, no curuto, estará o galo.
E a satisfacción modela a todos na veciñanza.
Cada peza ten seu sitio naquela chaira nevada,
...escultores de siluetas a imaxe e semellanza.
Mais nun lugar preferente, como cómpre no escenario,
¡O Meniño no seu berce!

Mentres ó seu fillo mira, a Virxe está sentada;
a mula, o boi e os pastores, ...San Xosé coa súa vara
-de alta e retorta xostra de azucena floreada-
coidan o sono do Neno que dorme en leito de pallas.
Chamados pola súa luz que libera e dá confianza
para acabar neste mundo coa humillación tirana.

*Vento do Nordés que zoas e brúas con rouca voz
¡aínda no mar hai estrelas e as súas augas bágoas son!
Por dentro soños de luz, por fóra neve callada.
Tanta soedade e silecio, tantas sombras, tanta dor,...
Contéstame tí se sabes ¿quen o amor nos conxelou?
Por dentro soños de luz, por fóra neve callada.*

Queda en vixía o galo que desde o alto nos chama
e nos amosa o mencer, que para iso os galos cantan.

*Todos ó redor do lume e coa tenrura na ialma.
Por dentro soños de luz, por fóra neve callada.*

Cortizas, carriza e terra, fontes da Moura e da Lama.
Montes coma o Cadramón, O Xistral ou os da Carba.
...E adornan o nacemento casas como as nosas casas.

*Vaise debullando a vida e así vai collendo traza.
Por dentro soños de luz, por fóra neve callada.*

Camiñan para Belén, que está no medio da Chaira.
Vai Xacobe e O Manuel, vai Leonor e mais Xoana.

*Estrelas no azul do ceo, pontigos de pedra e táboa.
Por dentro soños de luz, por fóra neve callada.*

Imos camiñando xuntos que está a noite estrelada,
falando nas nosas cousas, ...e o río en papel de prata.
Algodón e máis fariña
arremedan a nevada,
van arroupando un pesebre
que lles sirva de morada, nestas noites de invernía,
a unha familia sen casa.

*Vento do Nordés que zoas e brúas con rouca voz
a aqueles que tan só teñen camiño na noite escura
neste tempo dá mornura, dá agarimo e dá amor.
Levan o alento xeado, a alma xeada e núa.*

*Por fóra frío e folerpas,
por dentro calor humana no arrecendo adormecido da xustiza inalcanzada,
...dun soño reparador,
na ansia dunha lembranza...
Por dentro anhelos de luz, por fóra neve callada.*

*No arrecendo adormecido da neve fría nos tentos,
...por fóra frío e folerpas
coa calorña no corpo e coa tenrura nos beizos.
Por dentro soños de luz,
...fóra, fría neve en carambelos.*



MANUEL TERRÍN BENAVIDES

Naceu en Montoro (Córdoba), de familia campesiña asalariada. De neno exerce labores do campo. De mozo foi barqueiro. Estudia logo Electrónica Aeronáutica, con especialidade en equipos de Radar e Microondas, profesión que exerce na actualidade.

Con mil premios literarios, é o escritor español más galardoado.

Ten publicados quince libros -doce de poesía e tres de narrativa- todos eles premiados: Premios Ciudad de Cuenca, Dama de Elche, Ciudad de Guadalajara, Ciudad de Toledo...

A súa cidade natal ten nomeado unha das súas rúas como RONDA DEL POETA MANUEL TERRÍN BENAVIDES. E unha entidade cultural de Montoro leva o nome de AGRUPACIÓN LITERARIA MANUEL TERRÍN.

En varias ocasións foi premiado nos Certames do Belén de Begonte.

MEMORIA NAVIDEÑA DE JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN

1

Estrellas rumorosas abrirían la noche.
No la tuya. Ya lentos por la orilla
del campo iban bajando con los ojos hundidos
en el camino pálido que no verías nunca.
Contigo avaramente quise yo aquella tarde
cartar un himno misericordioso
y ellos ya regresaban de arrojarte a la sombra.

¡Otro hombre justo que naufraga!
La muerte, madre oscura de gestación inversa,
fantasma que despuebla corazones,
sobre tu carne vino desesperada y cínica.

Como arroyo corrías y te ha faltado el agua.

Tú fuiste cordillera con cabellos
colgados en el alba,
aliento cada invierno del Belén Electrónico,
aladid valeroso de las veinte parroquias,
la sombra de una torre
colgada en las colinas, escudo de esta tierra
que parece doncella bien vestida,
pero ya nunca más brotará la madera
donde yace tu cuerpo de cerámica triste.

2

¿Cuántos, buen sacerdote, cuántos?
Tremblorosas callejas
vieron ayer estrellas como flores,
racimos de palabras empapadas de vida,
tu alegría de niño por cada Navidad
y poco a poco vamos goteando
hacia la tierra.

En los ojos, José Domínguez, te has llevado
los montes Carballosa y Leboradas,
arroyos Villaflor, Reiga, da Veiga, Nedo,
el amor de tus fieles parroquianos.

En silencio partiste, bello mar que refluye
lentamente: tu aroma es lo que queda.
En la tierra nas entrado como la luz en el vacío,
pasos profundos abandonando los caminos abiertos.
Si todo se acaba, don José, mejor en estos campos de Begonte
donde crecen los tojos de la misericordia,
mejor junto al resollo de este Belén tan tuyo
con la flor del olvido retenida en los labios.

3

Yo sé que llevas dentro
los sueños que se hundían en caminos pacientes,
las aguas de Ameneiro, Coutolousado, Parga,
robles, pinos, castaños, el sol de la Francesa,
aquellos hijos tuyos a los que tanto amaste.

Yo sé que has comprendido
que la vida es un agua que cada uno filtra
y aceptas la derrota,
la ceguera del perro de los muertos
sobre esta paz inmensa perturbada
por los pies que se enredan en los días,
sobre la humilde fidelidad
de tu cuerpo yacente
¡Oh lejanas campanas de rotaciones lentas
que parecían venir de Peña Chana!
¡Oh Belén de Begonte que es testigo
de tu amor por el Niño Jesús y por los niños
de todas las mujeres!

Hoy ya puedo decirte que el olvido es un círculo
en la locura bella de la vida,
que te lleva el alma de Begonte
dentro de las pupilas,
que las nubes son ramas del árbol del vacío
y los muertos se posan en ellas
como pájaros tristes.

Tu abrazabas
estrellas navideñas atrapadas en caminos
y ahora resignado te haces niebla y traspones
el río de la noche donde croan los muertos.
Por eso, ante tu cuerpo
cubierto de silencio,
entre aquellos que encienden funerarias antorchas,
yo le pido a la altura
que salgas a la sombra como se sale al día.

Quiero, hijo de Dios, que sepas
que andamos todos con tus pies, que te evocamos
por cada Navidad y se comparte
la corona de espinas. Mi conciencia
hoy redondea el azulejo frío
de tus cabellos, muda se acompasa
con la flor de la sangre, con la sombra homicida
de este crujido inmenso de la madrugada
abriendo los cerrojos de la ribera opuesta.
Nada hay más puro, don José, que el amor a los muertos.

Nadie pudo salvarte. Los cipreses acechan
cada paso distinto:
como cazadores tienen los ojos largos.

Por la orilla del alba regresaban. Entonces
-apóstol de Begonte y de su Navidad-
Dios retuvo tu nombre.

Era cieno la vida sobre ribazos húmedos,
marea con vencejos patriarcales,
mortaja de dolor. Ella te salve,
aliento de esta tierra,
arroyo despoblado de energía
cuando el sol es insecto dormido en cada rama
y dora los sepulcros
alineados bajo la tarde como una dentadura.

Ya el musgo frío de tu corazón
agita sentimientos en el mar de la sombra.
Ya eres esa verdad que resplandece.

sanal para le...
ousas da vida, cheo de an-
iversais, nosos devance-
dos dos nosos inxenio e
habilidade, tamén un
arredor é tamén un
ropicio para arte e
da a ledicia arte, e
viva medre e
amíños mas

sunt, a
lúa, a
partadexa...
ata o amencer dur-
no que se aviva a chia-
vida e do traballo cotián.
Nunha xuntanza armo-
os protagonistas figuran
o plano: Os Reis,
arón do Neno Deus,
camellos re-
nde viaxe;

PRENSA

XXIII CERTAME DE XORNALISMO “BEGONTE E O NADAL”

O Centro Cultural JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN de Begonte (Lugo), entidade promotora do BELÉN ELECTRÓNICO DE BEGONTE, co patrocinio da CONSELLERÍA DE CULTURA, COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO DA XUNTA DE GALICIA, e co fin de potencia-lo espírito do Nadal, e que se coñezan mellor os actos que con este motivo se celebran en Begonte, convoca o

XXIII CERTAME XORNALÍSTICO “BEGONTE E O NADAL”

de acordo coas seguintes BASES:

A. Poderán tomar parte neste certame os que publiquen, en calquera xornal ou revista, en lingua galega ou castelán, algúñ traballo ou serie de traballos sobre calquera tema que faga referencia ó Nadal en Begonte e –en xeral– ó Nadal en Galicia.

B. Establécense dous premios para os que se consideren os mellores traballos presentados, dotados con:

PREMIO BEGONTE DE XORNALISMO.-
75.000 ptas. e estatuíña de Sargadelos.

SEGUNDO PREMIO.- 25.000 ptas. e estatuíña de Sargadelos.

C. O prazo de entrega dos traballos que se presenten ó certame rematará ás 12 horas do próximo día seis de xaneiro de mil novecentos noventa e nove, debendo facerse a entrega no Centro Cultural de Begonte, persoalmente ou por correo.

D. A presentación ha facerse por triplicado exemplar do xornal ou revista na que se publicase o traballo, xunto cunha nota na que se fagan consta-los datos persoais do autor.

BEGONTE, NADAL de 1998

BASES

FALLO DO XURADO DO XXIII CERTAME XORNALÍSTICO “BEGONTE E O NADAL”



O Xurado calificador dos traballos presentados ó XXIII CERTAME XORNALÍSTICO “BEGONTE E O NADAL”, formado por D. ANTONIO CALVO VARELA (Delegado provincial de Cultura), presidente; D^a BLANCA PACÍN SOMOZA; D. MARCIAL GONZÁLEZ VIGO; D. JESÚS DOMÍNGUEZ GUIZÁN e D. JOSÉ RODRÍGUEZ VARELA, do Centro cultural de Begonte, que actúa como Secretario, examinados os traballos presentados, acorda emitir o seguinte fallo:

PREMIO BEGONTE DE XORNALISMO, dotado con 75.000 ptas. e estatuíña de Sargadelos. Concédese a ANTONIO GATO SOENGAS, polo seu artigo “CRÓNICA DO BELÉN” publicado no xornal *El Progreso*.


SEGUNDO PREMIO, dotado con 25.000 ptas. e estatuíña de Sargadelos, concédese a XOAN NEIRA, polo seu artigo “O RONSEL DA ESTRELA”, publicado no xornal *A Mariña - El Progreso*.

O SECRETARIO DO XURADO

FALLO
DO
XURADO



José Rodríguez Varela



ANTONIO GATO SOENGAS

Naceu en Monterroso hai 54 anos. Fixo estudos de Bacharelato na vila, encetando alí o de Maxisterio, carreira que rematou en A Coruña. Licencióuse en Dereito na UNED.

Exerceu de Mestre de Alfabetización en Empresas de A Coruña, e tamén en Irixoa, Toques e Boimorto.

En Lugo estivo vinculado ó Colexio Público “Rámón Falcón”, de Castro do Rei, e ó Instituto “Trapeiro Pardo” da Terra Cha.

A súa actividade política é dilatada: Concellal de Monterroso (1979); Deputado no Parlamento de Galicia, perante as 4 primeiras lexislaturas (1981-1997); Deputado Provincial (1991), e na actualidade Alcalde de Monterroso.

Entre os seus traballos figuran “Os Comedores Escolares en Galicia”, “O Entroido da Casa de Naia”, “Vida e Obra de D. Francisco Salgado de Quiroga” e “Os Muiños de Auga da Ulloa”.

Colabora habitualmente no Diario “El Progreso” de Lugo, e fixoo algún tempo en “La Voz de Galicia”.

CRÓNICA DO BELÉN

VINTECATRO

Vellos falando sós, meniños a choros polas longas viaxes, mozotes dacabalo de potentes máquinas, eivados con muletas, familias enteiras... ¿Que pretenden atopar?... ¿Que estamos a ver?...

-Estes trouxémolos cando eran pequeninos e agora volven outra vez.

-¡Que mágoa non trae-la cámara de vídeo!

-¡Está de marabilla!

A xente, a moreas agardando por ver aquelo.

Begonte da Chaira é, non dubidallo, un novo centro de interés para cristiáns e para os que non o son, tan desexosos todos de atoparen motivos que os impulsen, diferentes ás romaxes tradicionais.

E dentro, todo o mundo traballando no que sempre foi noso: o afiador, o ferreiro, o oleiro, a tecedeira, a queixeira, o gadañeiro, maderistas con cimbróns, carpinteiros dos de antes, oficios alí recuperados, pero que haberá que explicar.

E a auga, moita auga, coma na Chaira cando as enxentas: regatos, pontellas, fervenzas, troiteiros e muíños, os vellos muíños coma os que aínda moen no río Parga.

A igrexa de Valdomar presidindo todo. Pobos enfoscados e outros no alto dos poucos curutos que coma A Corda, O Cadramón, A Peneda da Goía... hai na Terra Cha.

A Herodes que lle fagan unha Casa Grande de labranza, e ben lle chega, que a este belén non lle candra ben un castelo.

Xentes e xentes descubrindo e imaxinando outros mundos e outros tempos:

-¡Aí veñen os Reis!

-¡Mira... aló no fondo, a Estrela!

-¡O cocho perdeu unha pata!

E o Neno chora... ¡Mira como chora!

-Mamá... e ¿por que chora o Neno?

-Porque naceu

E terá razón a nai que eso responde. Se cadra, neste mundo tan pouco garimoso, aparecer nel é cousa de moito pensar.

Un mundo máxico e real, ó mesmo tempo, o do Nadal en Begonte.

E o belén xa fixo a súa propia historia, xa conta cun museo. Outro acerto, porque todo vai cambiando, áinda que aquí a mudanza sexa demorada.



XOÁN NEIRA LÓPEZ

Naceu en Santiago de Meilán (Lugo, 1953). É mestre en Viveiro, onde reside.

Como poeta acadou os seguintes premios:

- *Meigas e Trasgos de Sarria* (1994)
- *Concello de Vilalba 1995 e 1996*
- *Certame Rosalía de Castro (Barcelona 1995)*
- *Certame Airiños do Xunco (Cervo 1997)*

Ten publicados o libro de poemas *MEMORIA E SOÑO* (1996) e *RECREOS*, poemario infantil musicado.

Publicou poemas nos xornais *El Heraldo de Viveiro*, *O Correo Galego* e en varias revistas: *GUIEROS, ANTO, LÚA NOVA...*

Colabora semanalmente nas páxinas de *El Progreso - A Mariña*, onde se publicou o artigo merecedor do 2º premio de xornalismo Begonte e o Nadal (1998).

O RONSEL DA ESTRELA

VINTEOITO

Teño poucas ganas de escribir sobre o Nadal. Son demasiadas as esceas crueis desfilando polo calendario máis recente da memoria: corpos mutilados, mortos en tódolos recunchos, violencia, pobreza, horror. Os nenos do silencio saharauís, os fillos do deserto e do esquecemento, cos ollos abertos como pratos, contemplan toda a miseria. Os sen terra nin pan, os menihos da rúa, os perdidos nas cidades labirínticas, os herdeiros das guerras. Pavorosas guerras destruíndo o misterioso Bagdad (iso si, televisado) para anegar de sangue “As mil e unha noite”, tinguindo as alfombras máxicas dos soños, esnaquizando os marabillosos contos ata convertelos en farrapos fantasmagóricos e dolorosos pesadelos. A metralla fraticida nos Balcáns, resoando en Kósovo. Centroamérica arrasada e un longo e tráxico etcétera... Sen ir tan lonxe os dramas que a diario nos rodean, esas luces cegadoras deitando sombras de odio e morte por mor dos herodes que viven nesta era, cuando precisamente se cumplen os 50 anos (¿vudas de ouro ou de sangue?) da Declaración dos Dereitos Humanos ¡macabra ironía!

Cáeme a alma ós pés, non teño ningunha gana de falar do Nadal, áinda que cada vez sexa máis necesario, por iso hai que seguir esculcando na voz da esperanza á procura dunha raiola no corazón do inverno: o pasado 21 de decembro, unha mañanciña fría, xélida pero luminosa e diáfana achegámónos desde as terras da Mariña, cos nenos de Viveiro, ata o medio da Chaira para presenciar e alenta-lo remol do milagre da vida. Atravesando a serra vimos unha parella de corzos


brincando nunha veiga que lindaba co monte, tenra estampa nos ollos dos nosos rapaces (perto de cen) que despois ficarían fascinados diante do belén. Alí repararon nas moitas figuras, sobre todo nas móbiles, que recreaban os labores comunitarios, os oficios e os traballos da aldea, en harmonía. Repararon no castelo de Herodes, malvado e soberbio, na auga clara do río, nos peixes de cores e comentaban ¡son de verdade! ¿cántas cousas hai no mundo de verdade? Estaban impacientes porque non viñan os Reis. Don Xesús dixo: ¡Terán que vir de noite! Escureceu e apareceu o anxo na noite dos lóstregos e a Estrela branca e grande sinalando o lugar e unha exclamación voou coma un canto de abraio seguida dun murmurio de compracencia: ¡Aí veñen, mirade!

Amenceu co resplandor dos cumes nevados e o gozo do pobo que iluminou o rostro dos nenos. Daquela pensei: pagou a pena, este sopro de felicidade,

cidade, de inocencia. Reflexionei: cómpre mudalo estado das cousas, moita xente está disposta. Hai que esperta-la sensibilidade, a conciencia social para que a paz e a liberdade gobernen as nosas vidas. O espírito do Nadal ten aínda sentido, máis aló ou mellor máis acó dos tópicos, da evasión, do consumismo que nos consume en compromisos baleiros, ese frívolo envoltorio que camufla a realidade.

Case doux mil anos despois temos que segui-lo camiño paseniño, sen nos perder, non pasar de presa nin de esguello, deténdonos a miúdo nas cousas sinxelas e non da-las costas ós problemas.

O longo ronsel da Estrela de Belén guíanos coa luz que borra tódalas sombras e ábreños as portas do terceiro milenio enchendo de Amor cada fogar, de Norte a Sur, de Oriente a Occidente, de Xudea a Galicia... de Belén a Begonte.



DIRECCIÓN XERAL DE
POLÍTICA LINGÜÍSTICA

CENTRO CULTURAL «JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN»
DE BEGONTE (LUGO) - DEC. 1998 - XANEIRO 1999